



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Educación e linguas en Galicia		Código	652604003
Titulación	10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	1.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se consideran.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas. Estudos de casos. Discusións dirixidas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican As sesións maxistrais celebraranse por Teams no horario marcado para as sesións desta materia. A proba de ensaio tamén terá lugar nunha sesión de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Celebrarase unha sesión semanal de atendimento grupal de unha hora de duración. As sesións de atendimento individualizado celebraranse polo medio combinado previamente co/a estudiante.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se consideran.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións. Toda a bibliografía básica está accesible no espazo de Moodle destinado á materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación	AP24		
Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real.	AP24		CP10
Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística.	AP24		CP10
A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida.	AP24		CP10

Contidos	
Temas	Subtemas
Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe	A educación en contextos plurilingües Como apostamos polo plurilingüismo?
A situación sociolingüística da lingua galega	Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega
As linguas no sistema educativo galego	A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos
O papel dos centros educativos na planificación lingüística	A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	A13 C4 C1	0.5	4	4.5
Lecturas	A13	1	13.5	14.5
Sesión maxistral	A13	3.5	0	3.5
Proba de ensaio	A13 C1 C4	0	4	4
Estudo de casos	A13	5.5	4.5	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Foro virtual	Na plataforma Moodle abrirase un espacio virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construirá conjuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas polo docente.
Lecturas	Elaboración de dous informes sobre as lecturas obligadas e realización de comentarios retroalimentadores dos informes realizados polas outras persoas.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.
Proba de ensaio	Realizarase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.
Estudo de casos	Nas sesións interactivas realizaranse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Foro virtual	O docente fará un seguimiento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbihdas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas.
Lecturas	Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia no tempo en que esta se desenvolver.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Foro virtual	A13 C4 C1	Participación através do Moodle na construcción do glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese.	30
Proba de ensaio	A13 C1 C4	Proba escrita en que haberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.	30
Estudo de casos	A13	Traballo crítico con supostos prácticos, individual ou grupalmente.	30
Lecturas	A13	Elaboración de informes de lectura segundo as pautas fornecidas polo docente e achega de comentarios aos informes das/dos compañeiras/os.	10

Observacións avaliación

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obligatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia. Todas as actividades deberán ser entregadas de acuerdo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará na plataforma Moodle. O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás tutorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Para superar a materia, será condición indispensábel ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva. As persoas que se presentaren á segunda oportunidade (xullo) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de avaliação pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveron superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado). Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba obxectiva. Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algúna destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliação, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.
--

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laioveneto- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- Skutnabb-Kangas, T. (2011). &quot;Resultados de crecementismo e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos más válidos?&quot;, en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC- Xunta de Galicia (2007). Planificación linguistica nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia- Subielo e Fente (2012). &quot;Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino&quot;, en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL- Iglesias Álvarez (2012). &quot;Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos&quot;, A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL- Asorey Vidal (). &quot;O ensino en territorios con conflicto lingüístico&quot;, Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni- Díaz García et ali (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laioveneto- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laioveneto- García Plata, Ignasi (). &quot;A planificación?n lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya&quot;, A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega- Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC- Subielo, X. (2009). &quot;Democracia e política lingüística en Galiza&quot;, en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase o envío dos traballos telematicamente e, se non é posíbel, non empregar plásticos, escoller a impresión a dupla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, ben como ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías